

CARTA Á VECIÑANZA DE NIGRÁN

Estimado Veciño/a

Quero empezar agradecendo todo o apoio que nos ofrecestes durante as últimas semanas coas ideas e propostas que serviron para elaborar o programa co que agora nos presentamos a estas eleccións para que a nosa **presenza na corporación** faga de Nigrán un concello aínda mellor.

Queda moi pouco para o domingo **28** e durante estes días seguiremos explicando máis propostas con **ilusión, ganas e traballo**.

Despois deste mandato, de maioría absoluta do PSOE en Nigrán, chega á hora de facer un balance.

Foron catro anos que puideron estar mellor aproveitados para o progreso de Nigrán, xa que o goberno municipal, a pesar de contar cunha maioría suficiente para levar a cabo os seus proxectos, non levou adiante grandes avances, salvo o remate da nova biblioteca de Nigrán, que foi unha proposta impulsada por nós, a través do grupo municipal de NIGRÁN DECIDE, durante o mandato do 2015 ao 2019.

Abonda como mostra a non aprobación do **Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)**, a non finalización **das instalacións deportivas do Porto de Molle** ou a falta de posta en marcha **dun plan de mellora dos Servizos Sociais**.

Foron catro anos marcados, tamén, pola inexistencia dunha oposición activa e eficiente no control do goberno municipal e na realización de propostas factibles de futuro.

Nós, que coñecemos o **Concello de Nigrán**, somos conscientes da súa complexa xestión e **soamente levamos propostas que sexan realizables**, como podedes ver no noso Programa, que aquí resumimos en **'50 medidas para que NIGRÁN avance'**.

Nigrán precisa un goberno aberto e unha oposición crítica e construtiva, que sen crispación elabore propostas realizábeis con rigor.

Xuntos e xuntas ímolo conseguir o 28 de maio.

José Cuevas Raposo, candidato de Esquerda Unida